



UD 3. PRODUTOS FINANCEIROS: Xestión e Seguridade

Índice de contidos:

1. Os produtos bancarios básicos e dixitais.
2. Outros produtos financeiros de seguridade e investimento.
3. Diferentes formas de estafa e fraude na xestión das finanzas persoais.

BLOQUE 1. Os Produtos Bancarios Básicos e Dixitais

1.1. As Contas Bancarias: Onde gardamos o diñeiro?

Unha conta bancaria é un contrato entre unha persoa e un banco polo cal o banco custodia o noso diñeiro. A cambio, o banco ofrécenos servizos de xestión.

- **Conta Corrente:** É a ferramenta do día a día. Ten **liquidez total** (podes sacar o diñeiro cando queiras). Permite domiciliar recibos (luz, móbil), recibir a nómina e asociar tarxetas de débito ou crédito. Non adoita ofrecer xuros e pode cobrar comisións de mantemento.
- **Conta de Aforro:** Está pensada para depositar diñeiro que non precisas usar hoxe mesmo. Adoitan ofrecer un pequeno xuro a cambio de que o diñeiro permaneza nela. A diferenza da corrente, moitas veces non permiten domiciliar recibos nin usar tarxetas de crédito directamente contra ela.

Exercicio 1

1.2. Tipos de Tarxetas Bancarias

As tarxetas son o medio de pago máis usado. Existen tres tipos principais segundo como se cargue o gasto na nosa conta:

- **Tarxeta de Débito:** O cargo é **instantáneo**. Se pagas 20€, descuentase no momento da túa conta. Se non tes saldo suficiente, a operación denégase. É a mellor para controlar o gasto.
- **Tarxeta de Crédito:** Permite pagar aínda que non teñas diñeiro nese momento (o banco "préstacho"). O total de gastos adoita cobrarse a principios do mes seguinte. Permite aprazar pagos, pero ten o risco de xerar débedas con xuros moi altos.
- **Tarxetas Prepago ou Moedeiro:** Ti "recargas" a tarxeta cunha cantidade (ex. 50€). Só podes gastar o que cargaches previamente. Son ideais para viaxes ou compras en internet por seguridade.

Exercicio 7



1.3. Servizos de Banca Dixitais e Móbil

Hoxe en día, a maioría das operacións realízanse sen pisar a oficina bancaria:

- **Banca en liña / App:** Permite consultar o saldo, facer transferencias e controlar os gastos en tempo real dende o smartphone.
- **Bizum:** Sistema de pago instantáneo entre particulares vinculado ao número de teléfono. É cómodo e rápido para pequenos pagos.
- **Tarxetas Dixitais:** As aplicacións permiten xerar tarxetas "dun só uso" ou tarxetas moedeiro (que recargas co importe exacto que vas gastar) para mercar en internet con total seguridade.

Exercicio 2

BLOQUE 2. Seguridade e Investimento: Máis alá do Aforro

2.1. O Investimento: Diferenza entre Aforro e Investimento

Mentres que o **aforro** consiste en gardar diñeiro para o futuro, o **investimento** é o proceso polo cal poñemos ese diñeiro a producir nun activo co obxectivo de obter un beneficio extra. Todo investimento móvese nun equilibrio entre tres factores (O Triángulo do Investimento):

1. **Rentabilidade:** O beneficio ou ganancia que esperamos obter.
2. **Risco:** A probabilidade de que as cousas non saian ben e perdamos parte do diñeiro.
3. **Liquidez:** A facilidade para converter o noso investimento en diñeiro en efectivo de novo sen perder valor.

Exercicio 3

2.2. Produtos Financeiros de Investimento

- **Renda Fixa (Depósitos a prazo fixo):** Entregas un diñeiro ao banco durante un tempo. O banco garánteche un xuro fixo ao final. O risco é case nulo, pero a liquidez é baixa.
- **Renda Variable:** O beneficio non está garantido. Podes gañar moito ou perder todo.
Exemplos:
 - **Accións:** Ser "propietario" dunha parte dunha empresa (ex. Apple, Inditex).
 - **Fondos de Investimento:** Unha cesta que combina accións de moitas empresas e bonos, xestionada por profesionais.
 - **Criptomoedas:** Activos dixitais como o Bitcoin. Teñen un risco e unha volatilidade extrema (o prezo cambia moito en minutos).
 - **Materias primas:** Investir en ouro, petróleo ou trigo.
- **Plans de Pensións:** Un aforro pensado a moi longo prazo cara á xubilación con vantaxes fiscais.

Exercicio 4 Exercicio 6 Exercicio 8



BLOQUE 3. Protección ante Estafas e Fraudes

3.1. Tipos de Fraude Dixital: Como nos enganan?

A banca dixital é segura, pero os criminais usan a **enxeñaría social** (manipulación psicolóxica). A maioría das estafas financeiras actuais non ocorren por fallos técnicos do banco, senón por **enxeñaría social**: manipular á persoa para que ela mesma entregue as súas claves.

- **Phishing (Correo):** Mails que imitan logos e cores de entidades oficiais (Abanca, Facenda, Amazon). O obxectivo é que premas nunha ligazón e metas a túa contrasinal nunha web falsa para roubarcha.
- **Smishing (SMS):** Mensaxes de texto alarmistas tipo: "*Un dispositivo non autorizado accedeu á súa conta. Pulse aquí para bloquealo*" ou "A súa conta foi bloqueada, pulse aquí".
- **Vishing (Voz):** O estafador chama facéndose pasar polo "departamento de seguridade" ou polo "soporte técnico". Xera pánico dicindo que che están roubando ou que hai un virus e pídenche o código SMS de confirmación que che acaba de chegar ao móbil. **Se llo dás, estás autorizando ti mesmo a transferencia paro o estafador.**
- **Fraude do Fillo en Apuros:** Unha mensaxe de WhatsApp dun número descoñecido dicindo que é o teu fillo, que perdeu o móbil e que necesita diñeiro urxente.
- **Estafa do Romance:** Perfil falso en redes que namora á vítima para despois pedir cartos por unha "emerxencia médica" ou un "billete de avión".

Exercicio 5 Exercicio 9

3.2. As Regras de Ouro da Ciberseguridade

1. **Principio de Desconfianza:** O teu banco **NUNCA** che pedirá claves, PIN ou códigos SMS por correo, SMS ou chamada. Se o fan, colga.
2. **Dobre Factor (2FA):** Usa sempre a confirmación na App para calquera movemento. É como ter dúas pechaduras. Aínda que che rouben a contrasinal, necesitan a túa pegada dixital ou o código da túa App para operar.
3. **Control de dispositivos:** Non entres no teu banco dende redes Wi-Fi públicas (bibliotecas, centros comerciais).
4. **Hixiene de Contrasinais:** Non uses a mesma clave para o banco que para Instagram ou TikTok. Usa letras, números e símbolos.
5. **Cadeado e HTTPS:** Comproba sempre que a web comeza por `https://` e que o enderezo estea ben escrito (ex. `abanca.com` e non `abanca-seguridad.tk`).
6. **Desconfía de ofertas imposibles:** Se che ofrecen un investimento con "cero risco e moita rendibilidade", é unha estafa seguro.

[CONSELLOS DE CIBERSEGURIDADE BBVA](#)

Exercicio 10 Exercicio 11



EXERCICIOS PRÁCTICOS

1. O Dilema de Brais

Brais ten **2.500 €** aforrados do seu traballo de verán. Ten as seguintes necesidades:

- Pagar o recibo do ximnasio todos os meses (30 €).
- Mercar un portátil novo en dous meses (800 €).
- Gardar o resto para unha viaxe que fará dentro de 2 anos.

PREGUNTA: O banco ofrécelle unha **Conta Corrente** (sen xuros, pero con tarxeta de débito e domiciliación de recibos) e unha **Conta de Aforro** (paga un 3% de xuro anual, pero sen tarxeta nen recibos).

- ¿Como debería distribuír Brais os seus cartos entre as dúas contas?
- ¿Que pasaría se mete todo na conta de aforro e chega o recibo do ximnasio?
- Se deixa 1.000 € na conta de aforro durante un ano enteiro, ¿cantos cartos gañaría de xuros?

2. Comparativa de Contas (Sesión 3)

Investiga na web de dous bancos, completa a táboa e decide que banco elixes:

Concepto	Banco A	Banco B
Requisitos para abrir a conta (nómina, recibos, seguros...)		
Comisión de mantemento (€/mes)		
Ofrece tarxeta de débito de balde?		
Ofrece tarxeta de crédito de balde?		
Permite facer Bizum?		
Dispón de moitos caixeiros sen comisión por retirada de fondos na túa contorna?		
Dispón de oficinas bancarias na túa contorna?		



3. O Triángulo do Investimento (Sesión 6)

- a) Clasifica os seguintes produtos segundo o seu Risco (Baixo/Medio/Alto) e a súa Liquidez (Alta/Baixa):

Produtos financeiros	Risco (Baixo/Medio/Alto)	Liquidez (Alta/Baixa)
Accións de Netflix		
Depósito bancario tipo fixo a 12 meses		
Unha moeda de ouro de colección		
Unha conta corrente		
Accións de Inditex		
Letras do Tesouro (Estado)		
Criptomoeda (Bitcoin)		
Diñeiro en efectivo (un billete de 20€).		
Apartamento fronte a praia en Canido		
Unha criptomoeda nova (Memecoin)		
Plan de Pensións (a cobrar en 30 anos)		
Obxectos de luxo (reloxos ou bolsos exclusivos)		
Un fondo de investimento que replica o IBEX 35		

- b) Infórmate e explica aos teus compañeiros de clase en que consiste cada un dos anteriores produtos financeiros e por que ten o risco e a liquidez que afirmas.

4. Cálculo de Xuros (Sesión 8)

Tes **3.000 €** investidos ao **4% de interés anual** durante **2 anos**.

1. Calcula canto gañas con **Xuro Simple**.
2. Calcula canto gañas con **Xuro Composto** (Empregando a fórmula e tamén calculando o 4% de 3.000 o primeiro ano e ao segundo ano calculando o 4% do novo total).

Xuro Simple. Úsase cando os xuros se calculan **sempre sobre o capital inicial**. Os xuros retíranse e non se suman ao capital para xerar novos beneficios.

Para calcular canto beneficio (Xuro) vas obter: $I = (Ci \cdot r \cdot t) / 100$

- **I:** Xuro (o diñeiro que gañas).
- **Ci:** Capital inicial (o diñeiro que pos ao principio).
- **r:** Rédito ou taxa de xuro (en % anual).
- **t:** Tempo (en anos).

Nota importante: Se o tempo está en **meses**, divide por 1200 en lugar de 100. Se está en **días**, divide por 36000.

Capital Final (Cf): Se queres saber canto diñeiro tes en total ao rematar o tempo: $Cf = Ci + I$



Xuro Composto. Aquí, os xuros que vas gañando **súmanse ao capital** ao final de cada período, polo que cada vez o capital é maior e xera máis xuros.

Capital Final: $C_f = C_i \cdot (1 + r/100)^t$

- **Cf:** Capital final.
- **C_i:** Capital inicial.
- **r:** Taxa de xuro anual (%).
- **t:** Tempo (en anos).

Diferenzas clave

Característica	Xuro Simple	Xuro Composto
Capital	Mantense constante.	Aumenta cada ano.
Xuros	Son iguais todos os anos.	Son maiores cada ano.
Crecedemento	Lineal.	Exponencial.

5. Detective de Phishing (Sesión 11)

Analiza este correo e busca os erros que che indiquen que estas a sufrir phishing:

De: seguridad-online@hotmail.com

Asunto: ¡AVISO! CONTA BLOQUEADA

Estimado usuario: Detectamos un error na súa conta. Para que non sea suspendida, pulse aquí: [www.bancofalso.com/login] e escriba o seu PIN. Se non o fai en 10 minutos, bloquearase para sempre.

6. O Risco das Criptos (Sesión 12)

Busca a gráfica da evolución do prezo do Bitcoin no último ano.

- Canto foi o seu valor no punto máis alto?
- E no máis baixo?.
- Xustifica se cres que é un bo sitio para gardar os aforros dunha familia que necesita pagar o aluguer?

7. Tarxetas de Débito vs. Crédito (Sesión 4)

- Explica coas túas palabras a diferenza entre pagar cunha tarxeta de débito e unha de crédito.
- Cal cres que é máis perigosa se non temos control dos gastos?



8. Identificando a Renda Variable (Sesión 9)

De entre estes produtos financeiros, sinala cales son de renda variable e cales de renda fixa:

PRODUCTOS FINANCEIROS	RENDA VARIABLE	RENDA FIXA
Accións de Inditex		
Letras do Tesouro (Estado)		
Criptomoeda (Ethereum)		
Fondo de Investimento en empresas tecnolóxicas		
Depósito a prazo fixo (1 ano)		
Investimento en Ouro		
Unha casa que mercamos para alugar		
Accións de Tesla		
Plan de Pensións (Garantido)		
Fondo de Investimento en Petróleo		
Unha conta corrente		

9. Caso Práctico: O Vishing (Sesión 13)

Recibes unha chamada dun número privado. Din que son de "Seguridade de Google" e que alguén entrou no teu correo. Din que para axudarche, vanche enviar un SMS cun código e que llo tes que ler en voz alta. Que deberías facer e por que?

10. Deseño dunha Contraseña Segura (Sesión 14)

Crea un contraseña que cumpra as regras de seguridade pero que sexa fácil de lembrar para ti (usando iniciais dunha frase, números e símbolos). **NON O ESCRIBAS NO PAPEL!**. Explica só que técnica usaches para deseñalo.

11. Decálogo do Bo Usuario (Sesión 14)

Crea unha infografía con 5 consellos de seguridade para unha persoa maior que vai usar por primeira vez a banca electrónica.